

**Matilde Moro**

Xerente nacional de Asociación Española de Productores de Vacún de Carne (Asoprovac)

► É IMPORTANTE QUE SEXAMOS CONSCIENTES DE QUE NOS ENFRONTAMOS A UNHA ETAPA DE ELEVADA TENSIÓN NO MERCADO COMO CONSECUCENCIA DESTA BAIXADA DE EFECTIVOS, AS ENFERMIDADES EMERXENTES OU O ACORDO MERCOSUR

O sector de vacún de carne atravesará unha situación nunca vista. Tras dous anos bastante nefastos como consecuencia dun episodio de seca sen precedentes e a expansión da febre hemorráxica epizoótica (EHE), o 2024 parecía comezar con bo pé. Con todo, diferentes circunstancias están a provocar unha tensión no mercado que empeza a ser moi preocupante.

En primeiro lugar, debemos sinalar que, como era de agardar, a enfermidade epizoótica tivo un impacto ao que xa podemos poñerlle cifras. Segundo fontes do ministerio, contaríamos este ano cuns 190.000 xatos nacionais menos para engorde. Este volume supón aproximadamente un 8 % do volume de animais que sacrifica España cada ano.

En paralelo, a situación da enfermidade da lingua azul tamén está a provocar unha confusión importante no mercado nacional e europeo, se

Segue a aumentar a tensión no mercado

ben, ata agora, esta doenza tiña en España unha distribución xeográfica moi limitada ao suroeste español. Non obstante, é evidente que nos atopamos ante unha nova fase da enfermidade, cunha ampla expansión do serotipo 3 en Europa, unha distribución complexa en Francia e a restrición de sete zonas diferentes en España pola circulación de catro serotipos distintos.

A complexa situación da enfermidade da lingua azul e os esixentes requisitos que esixe España para a entrada de animais no noso territorio está amplificando a tensión no mercado. É por iso polo que desde Asoprovac lle solicitamos ao ministerio un cambio na estratexia de loita contra a enfermidade, sendo España o único país europeo que conta cun programa de erradicación aprobado de toda a UE.

Actualmente, o sector de engorde está a atravesar graves problemas de abastecemento, tanto por parte do mercado nacional como do europeo, e fiel reflexo diso é a situación da lonxa na que vemos cómo España está a alcanzar récords históricos, moi por eriba da media comunitaria (gráfico 1).

Aínda que esperamos ser capaces entre todos de reflexionar sobre como facer fronte a esta nova etapa da enfermidade sen provocar estas tensións no mercado, non por iso debemos


deixar de analizar os efectos do mercado europeo a medio-longo prazo.

Como dicíamos, o que realmente nos preocupa é a situación de censos bovinos e é que Europa perdeu un 5 % das súas vacas nos últimos tres anos. Estamos nunha fase de descapitalización acelerada moi preocupante. A propia DG Agri reconece esta baixada de censos nos seus informes e, o que é peor, augura novas baixadas como consecuencia da escasa rendibilidade e as políticas climáticas.

Por se esta tensión non fose suficiente, atopámonos esta semana co anuncio da firma dun acordo entre a UE e Mercosur, na que, unha vez máis, o vacún é moeda de cambio fronte a outros sectores. As voces de alarma non se fixeron esperar ante os efectos que este continxente pode ter para o sector europeo, pois a diferenza de estándares xera que esta carne entre procedente deste bloque cun custo entre un 18-32 % inferior ao europeo.

Por tanto, é importante que sexamos conscientes de que nos enfrentamos a unha etapa de elevada tensión no mercado como consecuencia desta baixada de efectivos, as enfermidades emerxentes ou o acordo Mercosur. Agora o desafío é tratar de ver de que maneira o sector é quen de garantir xatos suficientes para abastecer a demanda interna de produción e industria e facelo dun xeito competitivo. ■

Gráfico 1. Prezos correspondentes á semana N.º 48/2024 Machos Cat. A, U+R+O-Países da UE



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTÍA

PRECIOS
SIN COMPETENCIA
Y FINANCIACIÓN ESPECIAL
EN PRECAMPAÑA


CORBAR
MAQUINARIA



RODILLO MODELO RTA DE 3 CUERPOS Desde **12.500 €**

Tubo de 711mmx14mm en 7m y 8m y peso 5500kg
Vendido a: **PABLO ONEGA CASTRO** (Pastoriza) | **SERV. AGRICOLAS RENDA** (Cospeito) | **SAT A REVOLTA** (Villalba) | **O CHUCO S.C.** (A baña) | **GANADERÍA LA LLERA S.C.** (Salas)

Tubo de 820mmx18mm en 8m y peso 6500kg
Vendido a: **FINCA BERMUI S.C.** (Mesia) | **AGROBARREAL** (Sarria) | **SERVIAGRO MERCURIN** (Ordes)

RODILLO MODELO DAKOTA DE 2 CUERPOS


Desde **10.000 €**

Tubo 660mmx12mm en 5 m y peso 2850 kg
Vendido a: **MIGUEL HUERTA RODIL** (Castroverde) | **GANADERIA LAS LLAMAS** (Tineo)



RODILLO LINEAL Desde **2.800 €**

Tubo de 711mm x14mm en 3.5m y 4.5 m y peso 2200kg
Vendido a: **OSCAR FRANCO FERNANDEZ** (Salas) | **CASA JULIAN DE CABARCOS** (Barreiros)



RODILLOS LLORENTE

Altísima fiabilidad y máxima adaptación al terreno

RODILLO MECANICO CON RUEDAS
ANCHO DE LABOR 2,70 m

Tubo de 813mm x18mm en 2.7m y peso 1500kg
Vendido a: **GANADERIA VENTURA** (Coaña) | **GANADERIA SAN MARTIN DE COUCIEIRO S.L.** (Val do Dubra)



Desde **3.300 €**



RODILLO MODELO XTRA-LONG DE 3 CUERPOS Desde **17.500 €**

Tubo de 820mmx18 mm en 9 m y peso 7500 kg
Vendido a: **SAT AS PANDAS** (Villalba) | **XAN NOVO VILELA** (Outeiro de rei) | **BLANCO SANFOGA S.L.** (Mazaricos) | **GRANXAMOR INTEGRACION S.C.G.** (Trazo) | **ALBERTO GONZÁLEZ CHENTO** (Bama-Touro)

Tubo de 820mmx18mm en 10 m y peso 8200kg
Vendido a: **SAT BUSTO CORZON** (Mazaricos)

GRACIAS A TODOS POR VUESTRA CONFIANZA

VEN A VISITARNOS
TODOS LOS MODELOS EN STOCK

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.

Poligono Industrial
O Morelle, nave 4
27614 Sarria, Lugo

E-mail: corbar@corbarsll.com
Telf. y Fax: 982 53 14 63
www.corbarsll.com

